

IMAXES DO PATRIMONIO

TAREFA PARA SUBIR NOTA

Hai un concurso aberto no que se participa enviando fotos antigas, así que imos aproveitar e presentarnos. Esta é unha actividade voluntaria que contará para subir nota.

En que consiste?

En enviar unha fotografía da vosa familia tirada antes de 1970.

Cuestións a ter en conta

- A imaxe debe ser **anterior a 1970**.
- O ideal é que na foto saian persoas en grupo (en festas, traballando, falando...).
- Debe ser unha fotografía propiedade da vosa familia ou de persoas achegadas. Tedes que **informar na casa** de que é para enviar a un concurso (por se non vos dan permiso).

Como enviala?

- Debedes enviala ao correo do/a profesor/a de Lingua Galega en formato dixital (.jpg) coa maior calidade posible (o ideal é escaneala).
- Límite de prazo: **venres, 5 de xuño**.
- Podedes enviar máis dunha fotografía (cantas máis mellor!).
- **IMPORTANTE!** Xunto coa fotografía, debedes enviar a seguinte información:
 - Lugar onde foi tomada.
 - Data aproximada de cando foi tomada.
 - Nome das persoas que saen na fotografía (se o sabedes/averiguades).
 - Descrición da imaxe (que representa a foto, que está acontecendo nela).